



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Agosto 2024

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Agosto 2024

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en agosto de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior unha taxa do 3,5% e no conxunto de España do 3,2%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 4,6% e no Resto de produtos un 1,7%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 3,8% en Galicia no mes de agosto de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 3,7%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do -0,1% en Galicia e do 2,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en doce comunidades autónomas no mes de agosto.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Agosto 2024

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	112,7	3,5	1,4
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	110,8	2,8	1,1
<b>Alimentación</b>	109,4	4,6	1,7
<b>Resto</b>	115,8	1,7	1,5


Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	3,5	1,4
Xeral sen estacións de servizo	2,8	1,1
Alimentación	4,6	1,7
Resto	1,7	1,5

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra unha taxa do 3,5% en Galicia en agosto de 2024 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do 3,2% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 2,8% en Galicia e un 3,0% en España respecto a agosto de 2023. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa a facturación un 4,6% en Galicia e un 2,9% no conxunto de España.
- O Resto de produtos medra un 1,7% en Galicia e un 3,6% no conxunto do Estado.



Nos oito primeiros meses do ano, as vendas minoristas aumentan un 1,4% en Galicia e un 1,6% en España. Rexístrase un incremento das vendas tanto en Alimentación (1,7% en Galicia e 1,5% en España) como no Resto de produtos (1,5% en Galicia e 2,8% en España).


## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. As comunidades con maiores incrementos son Canarias (6,4%) e Comunitat Valenciana (4,9%). Os menores crecementos rexístranse en Extremadura (0,2%) e Madrid (0,5%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Madrid (-1,6%) e Illes Balears (-0,4%). As taxas máis altas preséntanse en Canarias (4,8%), Cantabria (3,5%) e Andalucía (3,4%).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Agosto 2024

### Taxas de variación en %



### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 3,8% en Galicia no mes de agosto de 2024, e un 3,7% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 4,3% en Galicia e do 4,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 7,4% e no Resto de produtos un 1,9%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 5,9% nas vendas en Alimentación e do 3,5% no Resto de produtos.

Nos oito primeiros meses do ano, o índice medra un 4,0% en Galicia e un 4,2% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 6,5% en Galicia, máis que en España (6,0%). As vendas no Resto de produtos crecen máis en España (3,2%) que en Galicia (2,3%).

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do -0,1% no mes de agosto en Galicia e do 2,0% no conxunto do Estado.


No que vai do ano, a ocupación aumenta en Galicia o 0,1% e en España o 1,9%.

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en agosto en doce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (3,8%) e Madrid (3,7%). As comunidades con diminución do persoal ocupado son Extremadura (-0,7%), Cantabria (-0,5%), La Rioja (-0,3%) e Galicia (-0,1%).

#### Índice xeral de ocupación. Agosto 2024

##### Taxas de variación en %



Nos acumulado do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Madrid (4,9%), Canarias (3,0%) e Andalucía (3,0%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado La Rioja (-0,9%) e Extremadura (-0,8%).

## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Agosto 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	133,5	3,8	4,0	112,7	3,5	1,4
Xeral sen estacións de servizo	132,1	4,3	4,1	110,8	2,8	1,1
Alimentación	140,6	7,4	6,5	109,4	4,6	1,7
Resto	125,7	1,9	2,3	115,8	1,7	1,5
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	127,6	3,7	4,2	107,5	3,2	1,6
Xeral sen estacións de servizo	126,5	4,7	4,5	106,0	3,0	1,6
Alimentación	139,5	5,9	6,0	108,5	2,9	1,5
Resto	116,4	3,5	3,2	108,3	3,6	2,8

Fonte:INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Agosto 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	124,2	3,4	3,5	102,8	2,9	0,6
Xeral sen estacións de servizo	122,6	3,2	3,4	101,5	1,9	0,4
Alimentación	125,4	5,5	5,7	98,0	3,2	0,9
Resto	120,6	1,5	1,9	108,8	1,4	1,0
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	128,2	3,2	3,7	106,7	2,3	1,0
Xeral sen estacións de servizo	128,0	3,9	3,9	105,7	2,1	1,1
Alimentación	131,9	4,5	5,4	101,3	0,8	0,6
Resto	125,4	3,5	2,8	114,4	3,7	2,4

Fonte:INE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Agosto 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>127,6</b>	<b>3,7</b>	<b>4,2</b>	<b>107,5</b>	<b>3,2</b>	<b>1,6</b>
Andalucía	131,9	4,3	5,8	111,2	4,0	3,4
Aragón	118,0	4,3	4,4	98,7	3,5	1,8
Asturias	131,3	2,6	3,3	110,8	2,2	1,1
Balears, Illes	163,2	1,8	2,1	137,7	1,3	-0,4
Canarias	139,8	7,5	7,4	118,6	6,4	4,8
Cantabria	152,5	5,1	6,0	128,4	4,7	3,5
Castilla y León	133,5	1,3	3,2	111,2	1,0	0,7
Castilla-La Mancha	126,3	2,5	5,0	104,5	2,1	2,2
Cataluña	128,9	3,6	4,6	108,7	2,8	1,8
Comunitat Valenciana	139,5	5,2	5,2	118,3	4,9	2,8
Extremadura	125,9	1,1	3,1	105,5	0,2	0,5
<b>GALICIA</b>	<b>133,5</b>	<b>3,8</b>	<b>4,0</b>	<b>112,7</b>	<b>3,5</b>	<b>1,4</b>
Madrid	105,1	0,8	0,9	89,3	0,5	-1,6
Murcia, Región de	120,5	3,2	3,3	101,2	2,8	0,9
Navarra	126,1	5,3	5,6	105,2	4,1	2,7
País Vasco	112,3	6,1	5,0	94,2	4,8	2,0
Rioja, La	128,0	4,5	4,4	107,1	3,5	1,5
Ceuta	117,8	4,7	3,9	98,6	3,4	0,6
Melilla	109,9	2,6	4,6	93,1	3,7	2,7

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Agosto 2024

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	105,8	-0,1	0,1
Xeral sen estacións de servizo	105,4	-0,2	0,0
<b>España</b>			
Xeral	108,6	2,0	1,9
Xeral sen estacións de servizo	108,5	2,0	1,9

Fonte:INE



**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.  
Agosto 2024**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>108,6</b>	<b>2,0</b>	<b>1,9</b>
Andalucía	111,3	3,0	3,0
Aragón	103,3	0,9	0,2
Asturias	100,4	0,0	0,5
Baleares, Illes	124,5	3,1	2,9
Canarias	112,5	3,8	3,0
Cantabria	107,6	-0,5	0,3
Castilla y León	105,7	1,1	0,8
Castilla-La Mancha	108,1	2,7	2,0
Cataluña	109,0	1,2	0,6
Comunitat Valenciana	108,8	0,8	1,1
Extremadura	104,9	-0,7	-0,8
<b>GALICIA</b>	<b>105,8</b>	<b>-0,1</b>	<b>0,1</b>
Madrid	108,2	3,7	4,9
Murcia	102,8	0,9	0,6
Navarra	104,7	2,1	1,0
País Vasco	105,0	1,6	0,4
Rioja, La	103,6	-0,3	-0,9
Ceuta	100,2	-0,2	0,0
Melilla	100,9	0,0	-0,7

Fonte: INE